

**AXUDAS LIBROS CURSO 2 018/2 019**  
**(Orde do 9 de maio de 2018 – DOG nº 95 de 21/05/18)**

No Diario Oficial de Galicia do 21 de maio de 2018 sae publicada a Orde pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar.

Novidades destacables na convocatoria para o **curso 18/19**

- \* **FONDO SOLIDARIO: o alumnado de 3º e 4º.**
- \* **Axudas para adquirir libros de texto: 1º e 2º de EP e Educación Especial.**
- \* **Axudas para adquirir material escolar: de 1º a 6º de EP e EE.**

### **Obrigas das persoas beneficiarias:**

- **Devolver** os libros de texto adquiridos coas axudas ou recibidos do fondo solidario no curso 17/18  
Exclúese desta obriga ao alumnado de 1º e 2º de educación primaria, así como o de educación especial e aquel **cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, nos casos en que o material adquirido con cargo á axuda non poida ser reutilizado.**
- **Conservar** en bo estado os libros recibidos ou adquiridos coas axudas.
- **Destinar** o importe dos libros a adquirir libros de texto e o do material para material.

**Prazo:** do 22 de maio ao 22 de xuño

### **Documentación:**

1. **Presentarase UNHA solicitude única para todos os fillos/as matriculados no Colexio**, debidamente cuberta e asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumnado e membros computables da unidade familiar. (ANEXO I)
2. **Fotocopia do libro de familia** (todos os membros da unidade familiar)  
No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar non coincide coa reflectida no libro a 31 de decembro de 2016, presentarase un dos seguintes documentos:
  - \* Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador.
  - \* Certificado ou volante de convivencia
  - \* Informe dos servizos sociais

No caso de discapacidade:

- \* Certificado do grao de discapacidade

No caso de situación de violencia de xénero, documentación acreditativa.

### **Contía das axudas:**

Libros de texto: (para 1º, 2º e neae)

Renda per cápita familiar ata 5.400 € : 170 €

Renda per cápita familiar desde 5.400,01 € ata 9.000 € : 90 €

Material escolar: (Para 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º) Renda per cápita familiar inferior ou igual a 5.400 € : 50 €

### **CÁLCULO DA RENDA PER CAPITA FAMILIAR:**

Hai que **sumar os recadros 392 e 405 da declaración da renda de 2 016 e dividir esa cantidade entre o número de membros da unidade familiar.** (No caso de discapacidade dalgún membro, conta por dous)

Se houbese máis dun membro con ingresos na unidade familiar habería que sumar o importe deses recadros de todos eles e logo facer a división.

Na páxina web do colexio atoparán un enlace coa da Xunta para obter máis información e impresos:

<http://www.edu.xunta.es/centros/cepneiravilas>